



Lecidella elaeochroma (Ach.)
M. Choisy

Esta especie medra preferentemente nas codias das árbores (foto 1) e ten un amplo rango ecolóxico e altitudinal. Na nosa comunidade é frecuente e abundosa tanto nos ambientes rurais como urbanos.

Talo crustáceo de cor gris-abrancazado ou amarelento, de liso a fendido-areolado, ás veces delimitado por unha liña negra (fotos 2, 3). Apotecios negros lecideinos abundosos por todo o talo (foto 3). Nun corte transversal do apotecio (foto 4) o excípulo propio, que é o que non ten algas, é de cor verdosa-parda, o epitécio é verde escuro, o tecio ou himenio é hialino e o hipotecio vai de pardo a marrón.

As esporas son simples, hialinas e elipsoidais, 9-13 x 6-8 μm (foto 5).

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: Talo K⁺ amarelo, C⁺ laranxa P⁻ ou P⁺ amarelo tenue.

